



**ASISTENTES:**

Aboal Somoza, Teresita  
Afonso Luis, Carina da Conceicao  
Albo López, Elena  
Allegue Aguete, Pilar  
Álvarez González, Lara  
Álvarez Moreira, José Ángel  
Álvarez Rodríguez, Carlos  
Álvarez Rodríguez, Rosana  
Andrés Iglesias, Jesús  
Angeira Vitorro, Anxo Xosé  
Arca Carracedo, Iván Carlos  
Arias Moreira, Xosé Carlos  
Arias Sánchez, Pedro  
Barcia Rodríguez, Ignacio  
Baz López, Jorge  
Bergantiños Cid, Gustavo  
Bergareche Gros, Almudena  
Bernal Gómez, Rosa  
Blanco Pesqueira, Antonia  
Botana Ferreiro, Francisco Ramón  
Bravo Bernárdez, Jorge  
Buch Gómez, Enrique Juan  
Cabeza Pereiro, Jaime  
Cabeza Pereiro, M<sup>a</sup> Del Carmen  
Cancela Outeda, Celso  
Carballo Castaño, Mónica  
Canto Veiga, Héctor Daniel  
Cebro Rodríguez, Juan Manuel  
Cid Fernández, Xosé Manuel  
Cid Rodríguez, Xúlio Alberte  
Cordero Rivera, Adolfo  
Costas Currás, José Daniel  
De Miguel Palacios, Carlos  
Diéguez Castrillón, M<sup>a</sup> Isabel  
Estévez Toranzo, Margarita  
Fariñas Valiña, Iago  
Fernández Fernández, Federico A  
Fernández Martínez, Paula  
Fernández Pulpeiro, Ana  
Fraiz Brea, José Antonio  
Gago Rodríguez, Alberto  
Gálvez Gálvez, Juan Francisco  
García Cutrín, Francisco Javier  
García Estévez, José Manuel  
García Gil, Soledad  
García Mateo, Carmen  
García Puig, Pedro  
García Soidán, José Luis  
García Soidán, María Del Pilar  
Gil Villanueva, José M<sup>a</sup>  
Godoy Malvar, Eduardo  
Gómez Rodríguez, Alma María  
González Cespón, José Luis  
González Estévez, Emilio José A.  
González Pillado, Esther  
González Piñeiro, Luis  
González Vázquez, Encarnación  
Graña Rodríguez, Ana María  
Hernández Sánchez, Jesús  
Lago Ferreiro, Alfonso  
Legido Soto, José Luis  
Lence Madarro, Fernando  
Liste Fernández, Araceli Mercedes  
Llamas Nistal, Martín  
López Lorenzo, Diego

Acta da sesión ordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo, convocada para o día 16 de decembro de dous mil oito, ás 09:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 en segunda, no Paraninfo da Reitoría da Universidade de Vigo.

O **martes, día 16 de decembro de 2008**, ás **10:15** horas, deu comezo a sesión ordinaria do Claustro Universitario co obxecto de tratar a seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 25 de xuño de 2008.
2. Informe anual do reitor en cumprimento do artigo 61 dos Estatutos da Universidade de Vigo.
3. Elección do seguinte posto vacante na Mesa do Claustro:  
Sector outro persoal docente e investigador: 1
4. Elección dos seguintes postos vacantes no Consello de Goberno:  
Sector decanos/directores: 1  
Sector pas: 1
5. Elección do seguinte posto vacante na Comisión electoral:  
Sector estudantes: 1
6. Elección dos seguintes postos vacantes na Comisión para a adaptación dos estatutos da Universidade de Vigo á nova redacción da LOU:  
Sector outro persoal docente e investigador: 1  
Sector estudantes: 1
7. Elección dos seguintes postos vacantes nas Comisións para a elaboración de regulamentos:  
COMISIÓN N<sup>o</sup> 1: Regulamento de réxime económico e contratación. Regulamento de PAS.  
Sector estudantes: 3  
COMISIÓN N<sup>o</sup> 2: Regulamento de estudantes.  
Regulamento de exames.  
Sector outro persoal docente e investigador: 1  
Sector estudantes: 1  
COMISIÓN N<sup>o</sup> 3: Regulamento de profesorado.  
Sector estudantes: 2  
COMISIÓN N<sup>o</sup> 4: Regulamento de investigación, desenvolvemento e transferencia. Regulamento de institutos universitarios.  
Sector estudantes: 2  
COMISIÓN N<sup>o</sup> 5: Regulamento de centros. Regulamento de departamentos.  
Sector estudantes: 2

Lorenzo Cimadevila, Enrique  
 Loureiro López, David  
 Macías Cambra, Enrique Antonio  
 Mascuñán Tolón, Patricia Silvia  
 Membiela Iglesia, Pedro  
 Míguez Tabarés, José Luis  
 Mejón Ojea, Artemio  
 Montero Muñoz, María  
 Morán Martínez, M<sup>a</sup> Paloma  
 Mosquera Nartallo, Carlos  
 Moure Rodríguez, María José  
 Nombela Castaño, Miguel Ángel  
 ●tero Camiña, José Luciano  
 Palacio Sánchez, Xosé Antonio  
 Pardo Froján, Juan Enrique  
 Pastrana Castro, Lorenzo Miguel  
 Pazó Martínez, M<sup>a</sup> Consuelo  
 Pena Uris, Gloria M<sup>a</sup>  
 Peña Vidal, Alberto  
 Pérez Cota, Manuel  
 Pérez Fernández, Alba  
 Pérez Iglesias, M<sup>a</sup> Teresa  
 Pinés León, Pablo  
 Pombal Diego, Manuel Ángel  
 Pose Blanco, José  
 Puga Alonso, Javier  
 Rama Martínez, M<sup>a</sup> Esperanza  
 Rinos Cabrer, Manuel  
 Reigosa Roger, Manuel Joaquín  
 Rodríguez Sampayo, Arturo  
 Romo Pérez, M<sup>a</sup> Carmen  
 Sánchez Bello, Patricio Alfredo  
 Sánchez Bermúdez, Ángel Manuel  
 Soto Carballo, Jorge  
 Suárez Pazos, Mercedes  
 Teijeira Bautista, Marta  
 Terán Moldes, M<sup>a</sup> Del Carmen  
 Tojo Suárez, M<sup>a</sup> De La Concepción  
 Vallejo Pousada, Rafael  
 Vázquez Dorrio, José Benito  
 Vázquez Vázquez, Manuel  
 Vázquez Vicente, Xosé Enrique  
 Vera Isasa, María  
 Vila Alonso, M<sup>a</sup> de las Mercedes  
 Vilán Vilán, José Antonio  
 Villar Suárez, Horacio Antonio  
 Vivas Martínez, Carlos  
 Yáñez López, José Carlos

**DESCULPAN ASISTENCIA:**

Badaoui Fernández, Aída  
 Barreiro Blas, Antonio  
 Bringas López, Ana  
 Carballo-Calero Ramos, M. Victoria  
 De Lorenzo Rodríguez, Edita  
 Prada Blanco, Albino  
 Sieiro Vázquez, Carmen

COMISIÓN Nº 6: Regulamento de tribunal de garantías.  
 Regulamento de réxime disciplinario.  
 Sector outro persoal docente e investigador: 1  
 Sector estudantes: 2

**8. Rogos e preguntas.**

**Punto 1.** Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 25 de xuño de 2008.

Non habendo obxeccións presentadas e, de acordo co artigo 20 do Regulamento de réxime interno do Claustro, enténdese aprobada a acta.

Antes de continuar coa orde do día, a secretaria xeral sinala que ante a presentación dun escrito por parte da delegación de alumnos da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros Industriais solicitando a ampliación do horario de votación, a mesa ten decidido abrir a votación desde o inicio do Claustro ata o final para permitir que eses alumnos podan exercer o seu dereito ao voto.

A secretaria xeral expón que só deberá facerse elección na Comisión nº. 2 para cubrir un posto vacante polo sector estudantes, téndose presentado dous candidatos. Os candidatos son:

- D. José Ángel Álvarez Moreira
- D. Xúlio Alberte Cid Rodríguez

Tamén acorda a mesa autorizar a intervención do Sr. Zapirain en rogos e preguntas.

**Punto 2.** Informe anual do reitor en cumprimento do artigo 61 dos Estatutos da Universidade de Vigo.

Cédese a palabra ao reitor quen sinala que o ano 2008 pasará aos anais da historia como o ano da crise económica internacional. As dificultades comezaron a ser evidentes a mediados de ano e a onda contractiva acabou chegando ao sistema universitario con toda virulencia, co episodio da paralización do Programa Consolider como último sinal inquietante. Pero, a pesar de todo, pódese dicir que 2008 foi un bo ano para a Universidade de Vigo.

Iso si, un ano nada cómodo, con cambios moi importantes, como consecuencia da adaptación ao EEES e do resto de obxectivos da reforma lexislativa interna: LOMLOU de 2007,

cambios estatutarios e regulamentarios, cambios nas normas de grao e de posgrao, cambios nas metodoloxías de avaliación e de verificación, Estratexia Universidade 2015 como referente básico para programar a actuación das universidades, novo Estatuto do PDI, novo Estatuto do Estudante, nova Lei da ciencia etc., etc.; o que define en conxunto a que quizais sexa a maior transformación experimentada pola Universidade española ao longo da súa historia. Unha fonda transformación que complicou o escenario e demandou unha dedicación case exclusiva por parte das distintas autoridades e estamentos universitarios.

Esta é a realidade complexa, o equilibrio inestable en que se desenvolveu o exercicio 2008 que está a piques de finalizar.

Axustando un pouco máis as lentes, somete á consideración dos claustrais algúns asuntos nos que cree que esta Universidade progresou na dirección correcta. Vai referirse nesta intervención aos plans estratéxicos de I+D e de Xestión Xerencial da Universidade de Vigo ao proceso de adaptación ao EEES, á política orzamentaria prevista para 2009, á evolución das infraestruturas docentes, de servizos e de investigación; farei unha avaliación xeral dos asuntos de investigación durante 2008 e finaliza a súa intervención co calendario de cambios normativos iniciados en 2008 e que deben ter continuidade en 2009.

Antes presenta os datos case definitivos (cun escrutinio do 98%) da matrícula correspondente ao curso 2008/2009.

## 1.- EVOLUCIÓN DA MATRÍCULA.

Os datos de evolución da matrícula xeran todos os anos debate, fundamentalmente por un uso incorrecto dos datos provisionais e sucesivos que a secretaría virtual pon a disposición de calquera interesado.

Co 98% escrutado (e lembra que a matrícula seguirá aberta ata febreiro), estes son os datos oficiais do curso 2008-2009, en comparación cos de 2007-2008:

	<u>2007</u>	<u>2008</u>
- Persoas matriculadas en 1º e 2º ciclos ..... 20.901 (Títulos Oficiais e Titulacións Propias)	20.901	20.957
- Persoas matriculadas no 3º ciclo..... 1.573 (Mestrados oficiais e Doutoramento)	1.573	1.876
<b>Estudantes con Actas Oficiais .....</b>	<b>22.474</b>	<b>22.833</b>
- Persoas matriculados en mestrados non oficiais, cursos e outros títulos propios .....	2.606	1.571
<b>Total Estudantes.....</b>	<b>25.080</b>	<b>24.404</b>

O curso comezou cunha situación estable de matrícula, que se pode cifrar ao redor de 22.800 estudantes con actas oficiais. Estes son os datos.

Recorda o reitor que xa comentou nalgunha ocasión que non pasa nada se a Universidade se queda nunha cifra de matrícula próxima aos 20.000 estudantes, en canto parece un tamaño medio

razoable e favorable para os argumentos de calidade docente. Non obstante, a cifra para este curso é a que acaba de comentar, o que é favorable.

Pasa a continuación a desenvolver os asuntos estratéxicos que anunciou na primeira parte da súa intervención, en primeiro lugar, a iniciativa do Plan estratéxico da Universidade de Vigo.

## **2.- PLAN ESTRATÉXICO DA UNIVERSIDADE DE VIGO.**

Recorda o reitor que no ano 2008 a Universidade de Vigo aprobou o seu primeiro Plan estratéxico con vixencia para o período 2008-2012. O Plan define as apostas da Universidade, centrando a atención en 11 metas, 39 liñas estratéxicas, 109 obxectivos e 343 accións que as desenvolven. E enumera plans operativos que o equipo de goberno pon enriba da mesa para cumprir o mandato do Claustro.

Da importancia que se debe atribuír ao Plan Estratéxico da idea o feito de que del procedan, o Plan de I+D da Universidade de Vigo que se aprobou en xuño pasado, o Plan estratéxico de xerencia, que será presentado pasado mañá ao Consello de Goberno, o Plan de profesorado, que se presentará no Claustro, esperase que no vindeiro mes de febreiro, e o Plan de igualdade, que fará o mesmo a finais do primeiro semestre de 2009.

Xa que logo, a iniciativa de elaborar e aprobar o Plan estratéxico en 2008 tivo unha grande importancia, porque definiu un camiño esixente dos obxectivos que guiarán a actuación deste equipo de goberno no que resta de mandato.

## **3.- PLAN DE I+D DA UNIVERSIDADE DE VIGO.**

Como acaba de dicir, o Plan de I+D da Universidade de Vigo foi aprobado en xuño pasado por este Claustro. As súas consecuencias comezaron a irradiarse xa en todos os ámbitos da política e da xestión universitarias.

Recorda que este plan consagra, entre outras liñas de actuación, as seguintes:

- O Plan propio de promoción para doutores acreditados, cunha dotación que na convocatoria que se acaba de aprobar acadará as 14 prazas, e que chegará a 15 na convocatoria que sairá en 2009 para 2010, como estaba comprometido.

- O Plan propio de formación doutoral, que prosigue este ano cunha nova convocatoria de 10 bolsas e 5 contratos, para unha dotación permanente de 50 investigadores en formación en 2012.

- A creación da Oficina de Proxectos Europeos.

- O recoñecemento en POD da actividade investigadora avaliada con sexenios, iniciativa na que a Universidade de Vigo é pioneira a nivel nacional e que se incorpora por primeira vez no presente curso académico.

- O programa de reforzamento de grupos, definido neste momento como complementario dos programas equivalentes do goberno galego.

- O incremento orzamentario do 10% anual na produción científica e no conxunto dos programas anuais de axudas á investigación da Universidade de Vigo.

- E o programa de promoción a cátedra para titulares acreditados con 3 ou máis sexenios de investigación.

Todas estas son decisións xa adoptadas, que derivan dos compromisos asumidos no Plan de I+D da Universidade de Vigo. E, como se pode ver, definen tamén un horizonte preciso para as decisións dos órganos de goberno da Universidade de Vigo para os vindeiros exercicios.

#### **4.- ADAPTACIÓN AO EEES.**

Refírese a continuación a diversos aspectos relacionados co proceso de adaptación da nosa universdade ao EEES.

Recorda o reitor que no informe que presentou ao Claustro en decembro pasado, fixo unha exposición detallada do calendario de adaptación ao EEES por parte de Universidade de Vigo, tendo en conta as normas aprobadas pola comunidade autónoma para o SUG. O calendario contemplaba o período 2008-2010 e dividíase en 3 etapas: a primeira, limitada a títulos exclusivos, para ser iniciada en setembro de 2008; e as dúas seguintes, para adaptar o resto dos títulos en setembro de 2009 e setembro de 2010. A partir de 2010 comezará unha nova etapa de definición de títulos novos, coa finalidade de completar a oferta actual do SUG.

Non sen presas os pasos vanse dando como estaba previsto. A primeira etapa finalizou coa posta en marcha do novo Grao en Belas Artes. Neste mes de decembro quedarán aprobados os novos plans de estudo de 24 novos títulos de grao, que entrarán en vigor en setembro de 2009. E para o próximo ano, na última etapa do proceso de reforma, quedarán pendentes outros tantos plans de estudo, entre eles os de enxeñaría con profesión regulada, que deberán entrar en vigor en setembro de 2010. Respecto dos graos, polo tanto, vanse cumprindo etapas do xeito inicialmente previsto.

Simultaneamente, se segue reforzando a oferta de posgrao, na mesma liña de adaptación ao EEES. Os datos referidos á oferta de mestrados oficiais son os seguintes:

a) Mestrados profesionalizantes: 30 mestrados en vigor en outubro de 2008, coa previsión de 10 títulos máis para 2009, se contan con avaliación positiva por parte da ANECA. Esta parte da oferta ten un asentamento importante, e comeza a ser factible que chegue a consolidarse dun xeito amplo e diverso por perfís e ámbitos para o 2012. Nese proceso de consolidación sinala que se teñen asinado máis de 160 convenios de colaboración con empresas e institucións para o desenvolvemento de docencia, o patrocinio económico, a titorización de proxectos e as prácticas profesionais dos estudantes da Universidade de Vigo matriculados na oferta de mestrados profesionalizantes. Esta é a liña que definirá a calidade e o valor destes mestrados no mercado laboral e nela débese insistir.

b) Mestrados de investigación: Polo que respecta aos mestrados de carácter investigador, 2008 vai ser un ano fronteira. Porque de 14 programas antigos con mención de calidade pasamos nada menos que a 24 neste ano. Esta foi unha aposta decidida do equipo de goberno, consonte co

novo esquema de incentivos que se aprobou no Claustro no pasado mes de xuño. A iniciativa contou coa colaboración dos promotores dos programas e o resultado é satisfactorio abondo.

Simultaneamente, estase a producir a transformación do vello doutoramento ao novo escenario dos mestrados de investigación. O curso 2009-2010 será o último de vixencia do sistema de bienios. En setembro de 2009, incorporaranse os novos mestrados de investigación. Ata o momento, existen 25 novas propostas de mestrados de investigación, das cales 12 son transformacións de programas doutorais antigos con mención de calidade, 10 son transformacións ou fusións de programas antigos sen mención de calidade e 3 son iniciativas novas. Polo tanto, para o curso 2009-2010 a maior parte das propostas de mestrado de carácter investigador teñen capacidade para renovar a mención de calidade xa concedida, ou para aspirar a conseguila na próxima convocatoria. Nas novas propostas existen distintas iniciativas de agrupamento (enxeñaría, dereito e economía) que van nunha liña de enorme interese.

En definitiva, semella que a estratexia de agrupamento e calidade vai consolidándose na oferta de doutoramento desta Universidade. Lembra que esta foi a aposta do Plan de I+D aprobado en xuño: mención de calidade, agrupamento por ámbitos, maior número de teses lidas e mellor relación doutorandos matriculados / teses lidas. Como apoio a esta estratexia, no Plan de I+D aprobouse un sistema de contratos-programa, que supón unha bolsa de 80 créditos para os doutoramentos con mención de calidade. Esta bolsa será efectiva no POD do curso 2010-2011, unha vez impartidos os programas e executadas as actividades previstas.

## **5.- XERENCIA.**

En 2008 tomou posesión o novo equipo xerencial desta Universidade. O seu traballo estivo centrado neste exercicio en varios asuntos que demandaban unha solución con urxencia. É o caso da aplicación do convenio laboral aprobado en 2007, da RPT sometida a recurso xudicial, da nova estrutura de servizos, da nova estrutura descentralizada de campus e do plan para a implantación de novas ferramentas estratéxicas de xestión, cun esforzo particular nos obxectivos de xestión académica.

A nova estrutura descentralizada de campus merece un comentario á parte. Este foi un obxectivo estratéxico do programa electoral, é un obxectivo ao que asociar máis sentido común e constancia que grandes verbas altisonantes. E os resultados deste primeiro ano reafirman esa opinión. Os avances producidos nesta liña estratéxica do Plan operativo de xestión son os seguintes:

- a) Creación da figura do xestor de servizos á comunidade nos campus de Ourense e Pontevedra.
- b) Descentralización das bolsas informáticas e de colaboración, que se suman ás de actividades deportivas e de extensión e difusión cultural xa descentralizadas con antelación (art. 37 das Normas orzamentarias para 2009).
- c) Descentralización das accións vinculadas aos programas de voluntariado e das actividades de integración de discapacitados.
- d) Delegación das competencias para aprobar os gastos e asinar todo tipo de contratos menores asignados aos programas orzamentarios dos campus (art. 14 das Normas orzamentarias para 2009).

- e) Delegación nas vicexerencias dos campus de Ourense e Pontevedra das competencias para contratar subministracións e servizos cunha contía de ata 60.000 € (art. 15 das Normas orzamentarias).
- f) Delegación nas vicexerencias de campus da competencia para a sinatura de todo tipo de contratos, tanto de PAS como de PDI, así como os realizados con cargo a proxectos de investigación.

Seguindo cos compromisos do Plan estratéxico, a xerencia, ademais, vén de presentar o seu propio Plan de xestión, discutido e aprobado pola representación social. Este Plan, que será sometido a debate e, no seu caso, aprobación do Consello de Goberno que se celebrará o vindeiro xoves, 18 de decembro, supón a definición de 6 eixos preferentes de xestión (modernización e calidade, descentralización, xestión académica, xestión da investigación, tecnoloxías da información e da comunicación e política integral de persoal), que son desenvolvidos en 8 obxectivos estratéxicos, 23 obxectivos operativos e 62 liñas de acción para o período 2008-2012.

Por último, a xerencia vén de aprobar tamén coa representación social o “programa de formación para 2009”, que inclúe unha oferta de 31 cursos de coñecementos específicos en 9 áreas técnicas e 43 cursos de coñecementos transversais (calidade, idiomas, informática, etc.).

Por último, a xerencia vén de aprobar tamén coa representación social o Programa de formación 2009 para o persoal de administración e servizos. Este programa inclúe unha oferta xa definida de 45 cursos de formación, dos que 24 se corresponden con coñecementos específicos en áreas técnicas e 21 con coñecementos transversais (calidade, idiomas, informática, seguridade e prevención de riscos, etc.).

## **6.- POLÍTICA ORZAMENTARIA.**

Desde 2005, o Sistema Universitario de Galicia desenvólvese de acordo cun Plan de financiamento que estende a súa vixencia ata o ano 2010. Este Plan tivo un efecto expansivo para o sistema, despois de varios anos dunha estratexia de pura supervivencia. Sen embargo, non contiña previsións potentes respecto de dúas liñas que co tempo tíñanse convertido nos principais retos para as universidades públicas españolas: a adaptación ao EEES e a definición da transferencia como terceira misión da universidade.

O respaldo que precisaban estas novas metas, demandaba un cambio substancial no Plan de financiamento do SUG sen agardar ao fin da súa vixencia. De acordo no diagnóstico, Universidades e goberno galego iniciaron o proceso de reforma que debería conducir a un novo plan para o período 2009-2013. Este foi o escenario que modificou radicalmente o tsunami económico-financieiro producido a principios de 2008.

A situación ten mudado a ritmo acelerado nos últimos meses. O goberno galego acadou un acordo coas Universidades e os Consellos Sociais do SUG para adiar a 2010 a entrada en vigor do novo Plan de financiamento, que debería ser aprobado no primeiro semestre de 2009. E para este último exercicio orzamentario mantén o Plan vixente, cunha achega orzamentaria adicional de 15.911.794 € para todo o SUG, cantidade que permite un crecemento nominal do 4,5% e, polo tanto, o mantemento do valor real do volume das subvencións recibidas polas universidades.

Este é o escenario co que están elaboradas as previsións orzamentarias da Universidade de Vigo para 2009.

En conxunto, fálase dun volume de recursos algo por riba dos 182 millóns de euros, cun aumento do 4,6% respecto de 2008. Destes 182 millóns de euros, os principais compoñentes son :

- 121 millóns de € (un 66,6%), que proceden de achegas realizadas pola Xunta de Galicia.
- 18,6 millóns de € (un 10,2%) son obtidos en concorrencia nos programas de I+D.
- 19 millóns de € (un 10,5%) son activos financeiros, incluíndo remanentes afectados e os derivados de préstamos para parques e fondos MEC, que estenden a súa execución a 2009.
- E 15,7 millóns de euros (un 8,6% do total) proceden das taxas e dos prezos públicos.

As liñas preferentes de actuación que se propoñen financiar en 2009 con estes fondos son as seguintes:

Compromisos salariais de PDI e PAS: o orzamento para 2009 dedica 94,7 millóns de euros a atender estes compromisos, cun incremento de 7,7 millóns (un 8,9%) sobre os fondos de 2008. Esta liña inclúe todos os incrementos retributivos legais (subidas fixadas na lei de orzamentos, IPC galego, incrementos en pagas extraordinarias, trienios, quinquenios, sexenios, etc.), os contratos das convocatorias de I+D+i, máis os programas propios de incorporación de doutores, de formación doutoral e de promoción do cadro de persoal actual.

Plan de adaptación ao EEES: esta é a segunda liña preferente da política orzamentaria para 2009. Nela contémpanse tanto actuacións específicas dirixidas á reforma das titulacións actuais de grao e posgrao, como de adaptación física dos espazos docentes (o denominado Programa CEN, elaborado de acordo coas necesidades manifestadas por decanos e directores ao comisionado da oficina técnica) e de formación permanente do profesorado. En conxunto, unha asignación superior ao millón e medio de euros, cun incremento do 300% sobre os fondos asignados en 2008.

Plan de renovación informática: vinculado ao Plan operativo de xestión 2008-2012 da xerencia da Universidade de Vigo. A dotación asignada para 2009 con esta finalidade é de 2,3 millóns de euros, con destino preferente ao desenvolvemento de dúas novas aplicacións informáticas: a de xestión académica, que será estendida xa neste mesmo curso aos novos títulos de grao e a todo o posgrao; e a de xestión da investigación. Ademais, se queren comezar as melloras nas aplicacións de xestión de recursos humanos e xestión económica. A dotación orzamentaria inclúe tamén a adquisición do hardware específico para estas novas aplicacións.

Compromisos aprobados no Plan de I+D: ademais dos 2,5 millóns de euros dedicados ao financiamento das convocatorias de axudas á investigación e demais actividades centralizadas de I+D (grupos de investigación, estadias, congresos, etc.), no orzamento de 2009 dáse apoio económico a 4 compromisos que figuran recollidos no Plan de I+D da Universidade de Vigo, aprobado no Claustro no pasado mes de xuño:

- 180.000 € para paquetes de benvida a doutores seleccionados no programa Ramón y Cajal.
- Incremento do 10% na dotación da produción científica, cun importe global de 885.500 €.



- 55.000 € para incentivar a obtención da mención de calidade nos programas de doutoramento.
- Programa de promoción a cátedra para acreditados con 3 sexenios.

Plan propio de promoción para doutores acreditados: refórzase esta aposta no orzamento de 2009, consolidando a súa cuarta edición cun incremento de 2 prazas ata alcanzar 14 contratos con vinculación permanente.

Plan de formación doutoral para áreas de especial dificultade: igualmente, refórzase esta liña, iniciada en 2008, con dez novas bolsas e cinco novos contratos de predoutoramento, que complementarán o Programa xeral de formación doutoral da Universidade de Vigo.

Plan de desgravacións por actividades docentes e de investigación: no exercicio 2008 reforzouse este Plan, posto en marcha en 2007, e volve a dársele pulo no orzamento de 2009. As actividades docentes, de investigación e directivas consideradas son as seguintes:

a) Docentes:

- Apoio aos programas oficiais de posgrao.
- Apoio ás actividades de intercambio de estudantes.
- Apoio aos programas de prácticas externas.
- Apoio á dirección de proxectos fin de carreira.
- Apoio á elaboración e implantación de novos títulos de grao.

b) De investigación :

- Apoio aos grupos de referencia.
- Apoio aos IPS de proxectos europeos, Cénit e Consolider.
- Desgravación por dirección de teses de doutoramento.
- Desgravación por investigación recoñecida en forma de sexenios.

c) E, por último, diversas desgravacións aos equipos directivos dos centros.

Tamén definen unha liña orzamentaria preferente de actuación as infraestruturas, docentes, de servizos e de investigación, pero a elas se dedica de seguido con máis detalle.

## **7. INFRAESTRUTURAS.**

a) Infraestruturas docentes e de servizos.

Comeza polas infraestruturas docentes e de servizos. Durante 2008, a actividade estivo centrada en diversas actuacións nos tres campus. En Vigo, finalizouse a obra da biblioteca das Facultades de Ciencias Experimentais, na que axiña se comezará o amoblamento e o traslado de fondos. En Pontevedra, finalizouse a segunda fase do edificio da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte. E en Ourense, concluíuse a piscina universitaria, que se inaugurou o pasado día 5.

Outros proxectos comezan a ver a luz. En Ourense, está programada xa a sinatura do convenio coa Consellería de Cultura e Deporte para a construción do campo de fútbol-rugby e as pistas de atletismo, así como diversas actuacións do proxecto de urbanización e integración deste campus, elaborado por D. Patxi Mangado e presentado o día 4 deste mes. Ademais, o orzamento para 2009 inclúe a dotación necesaria para a construción dun novo edificio administrativo neste campus. En Vigo, tamén ten data a sinatura do convenio coa Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia para a construción no campus dunha galescola para a atención escolar dos nenos entre 0 e 3 anos. E, en Pontevedra, dotáronse para 2009 os módulos de aulas e laboratorios, así como o vestiario do edificio da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte. Ademais, o proxecto de gardería para o campus de Pontevedra está finalizado e a dotación orzamentaria integramente incluída no orzamento para a súa saída inmediata a concurso. Polo tanto, 2009 debe ser o ano de todas estas dotacións.

Hai dous proxectos polo momento non iniciados, que merecen unha explicación máis detallada.

En primeiro lugar, o proxecto das vías elevadas para o campus de Vigo, do arquitecto Mendes da Rocha. Este proxecto trataba de resolver un dos principais problemas que arrastra a situación física do campus de Vigo na ladeira dunha montaña, con desniveis moi importantes. As dificultades para os movementos, os intercambios, a vida comunitaria, as actividades culturais, etc., son enormes mentres non se consiga un sistema sinxelo que facilite a relación.

O proxecto das vías elevadas abordaba ese problema dun xeito global. Pero, precisamente por iso, solo ten sentido considerado globalmente, e deixa de telo se solo se pode pensar por partes.

Noutras verbas, as vías elevadas podían ser construídas por partes, pero solo coa garantía de que habería unha continuidade e se podería chegar ao final do proxecto.

Nas actuais circunstancias económicas, esa seguridade non existe, nin sequera para os financiamentos máis básicos. En consecuencia, de acordo co arquitecto, céntrase o interese na parte do proxecto que supón a reordenación e reforma urbana de todo o ámbito da enxeñaría. Nesta parte do proxecto é na que está traballando agora D. Paulo Mendes, e é a que se dota para 2009 por importe de 1 millón de euros.

E, en segundo lugar, o proxecto do novo Edificio das Artes, no campus de Pontevedra. Esta obra xa estivo presupostada nos anos 2008 e 2009 e tiña previsto o seu inicio por parte da Universidade de Vigo desde xaneiro de 2007. Sen embargo, forma parte dun ámbito de reforma urbanística na cidade de Pontevedra, que, a día de hoxe, aínda non está totalmente resolto. No orzamento de 2009, vólvese a programar o inicio desta obra con 840.000 €. Pero resalta o reitor que esta obra non depende da iniciativa do equipo de goberno e que non se ten claro a día de hoxe cando se podería comezar.

#### b) Infraestruturas de investigación.

En canto ás infraestruturas de investigación, 2008 ten sido un ano de avances salientables, sobre todo no que respecta á finalización de determinados proxectos, así como o inicio das obras do novo CACTI (“Centro de Apoio Científico-Tecnolóxico á Investigación”), o Módulo Biomédico, o “Módulo Tecnolóxico-Industrial” MTI, e o “Centro de Investigación, Transferencia e Innovación”

CITI, de Ourense. Todas estas infraestruturas de investigación estarán listas e equipadas en 2009. O orzamento para o vindeiro exercicio inclúe 8 millóns de euros para o remate destas actuacións e o inicio do CIBIO “Centro de Investigación Biosanitaria”.

Tamén debe estar rematada a primeira fase de Cidade Tecnolóxica. O obxectivo neste sentido é que a Universidade de Vigo aglutine e dirixa a rede de centros tecnolóxicos constituídos ao redor das nosas áreas metropolitanas de influencia.

Por iso se comezou a pensar no primeiro módulo de “Cidade Tecnolóxica” no campus de Ourense, vinculado ao Plan de reordenación urbana que, xunto co Concello desta cidade, se acaba de presentar o pasado día 4 de decembro.

## **8. INVESTIGACIÓN**

2008 pode definirse como un ano excelente para a Universidade de Vigo en termos de investigación.

O ten sido en captación externa de recursos, con máis de 10 millóns de euros en contratos e proxectos, e por riba dos 12 millóns en financiamento competitivo estatal e europeo.

O ten sido en resultados das convocatorias concorrentes dos programas I3 e dos grupos consolidados e de referencia.

E o ten sido, incluso, nalgúns resultados e mencións de especial significación para os nosos investigadores e para a Universidade de Vigo como institución. Fai públicos o reitor algúns deses éxitos, como un recoñecemento aos colegas que teñen feito posible esta consecución:

- Premio William Kapp á investigación en innovación: D. Xosé Henrique Vázquez Vicente (Dpto. de Organización de Empresas e Marketing), primeiro español que consegue este galardón.
- Premio Galicia de Investigación Científico-Técnica na categoría junior ou mozo: compartido D. Miguel A. Correa (Fac. de Química) e D. Roberto López (E.T.S de Enxeñeiros de Telecomunicacións).
- Investigador seleccionado na convocatoria de Starting Grants do programa Ideas do Consejo Europeo de Investigación: D. David Posada (Fac. de Bioloxía).
- Proxecto seleccionado pola Agencia Espacial Europea para a construción e posta en órbita dun picosatélite (único proxecto español seleccionado): D. Fernando Aguado (E.T.S. de Enxeñeiros de Telecomunicacións) como IP.

Todos estes datos, éxitos e premios, xunto con outros episodios sinalados, como o primeiro premio no certame nacional de talentos creativos “Versus”, obtido por Dna. María Juanetey, da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación, falan da puxanza das actividades de investigación desta Universidade e, de xeito especial, permiten ver tanto a forte base que forman os grupos de investigación consolidados, como a calidade e competencia da xeración de investigadores novos que se están incorporando nos últimos anos.

Por outra banda, entende o reitor que esta é unha boa oportunidade para facer referencia a outras iniciativas importantes de investigación, como os centros mixtos de investigación GRADIANT (“Centro Tecnolóxico das Telecomunicacións de Galicia”), ENERGYLAB (“Centro Tecnolóxico de Enerxía e Desenvolvemento Sostible), e o Laboratorio de Homologación de Vehículos. Todas estes centros están situados no campus de Vigo e a Universidade de Vigo ten neles un papel impulsor destacado e unha responsabilidade científico-técnica moi elevada.

Por último, coa mesma implicación, pero menor responsabilidade directa, a Universidade de Vigo participa tamén nos seguintes centros de investigación: “Centro Tecnolóxico do Têxtil”, “Centro ASISTA de Innovación Tecnolóxica para a Autonomía Persoal e os Colectivos Dependentes” e “Centro Tecnolóxico Lácteo de Galicia”.

O ano 2009 debe ser o ano de consolidación de todos estes proxectos. Son todas elas iniciativas mixtas de investigación, cunha forte participación sectorial, que definen unha aposta clara, non a única, deste equipo de goberno.

Esta liña non se da por concluída. Conxuntamente co Goberno español, a Xunta e os sectores industriais máis activos, seguirán programando centros de investigación mixtos, que se espera veñan a reforzar a rede de centros de investigación dos nosos campus.

Unha rede, de investigación, construída, dirixida ou participada pola Universidade de Vigo, que comeza a ter unha entidade e unhas posibilidades realmente importantes. Si aos centros propios consolidados; - ECIMAT (“Estación de Ciencias Mariñas de Toralla”), CACTI, CITI e MTI – sumamos os novos centros propios programados – CIBIO (“Centro de Investigación Biomédica”), CINTEC (“Centro de Innovación en Tecnoloxías e Procesos Industriais”) - os centros mixtos dirixidos – GRADIANT, ENERGYLAB, Laboratorio de Verificación de Vehículos - os centros mixtos participados – Centro do Têxtil, Centro “Asista”, Centro Tecnolóxico do Leite - e a todo isto lle poñemos o paraguas do Parque Tecnolóxico Universitario de Vigo, considera o reitor que o músculo científico-tecnolóxico da Universidade de Vigo comeza a ter unha potencia verdadeiramente importante.

Por último, a esta rede quérense incorporar as iniciativas institucionais de agrupamento da investigación, iniciadas co I Programa de reforzamento institucional da Xunta de Galicia. Este programa pretende o agrupamento de grupos consolidados e de referencia ao redor de plans ambiciosos de investigación, o que garante unha financiación adicional estable (250.000 € na convocatoria que acaba de concluír).

Pola súa parte, o Ministerio de Ciencia e Innovación ten anunciada a convocatoria do seu propio plan de reforzamento institucional na mesma dirección e cunha dotación económica máis importante (fálase de axudas non inferiores a un millón de euros por agrupamento).

Estas son oportunidades que se deben aproveitar para reforzar as nosas vantaxes e fortalezas en investigación. Á convocatoria da Xunta presentamos catro propostas de agrupamento institucional en ciencias mariñas, TIC, ciencias biomédicas e ciencias agro-alimentarias, e tívose éxito na primeira. Son algunhas das liñas preferentes desta universidade, polas que se decidiu apostar no Plan de I+D+i. Pero non son as únicas. Débese ampliar, mellorar e promover as opcións de agrupamento a partir dos grupos de referencia. E tratarase de darlle todo o respaldo institucional que estas iniciativas precisen.

Entre outras cousas porque, como se pode ver, as políticas de I+D das institucións europeas, estatais e galegas, definen condicións de agrupamento e calidade na investigación cada día máis esixentes. Agrupamento e calidade, como no doutoramento: este é o horizonte inmediato da concorrencia no I+D. E esta é a liña á que se dirixirán as principais apostas de investigación desta Universidade para o próximo bienio.

## 8.- CAMBIOS NORMATIVOS.

Por último, 2009 debe dar continuidade aos cambios normativos iniciados en 2008. En primeiro lugar, débense discutir e aprobar a adaptación definitiva dos Estatutos á LOM-LOU. E a partir desta adaptación, débese abordar a revisión dos Regulamentos de réxime económico, centros, departamentos e estudantes. En segundo lugar, traerase ao Claustro tamén o documento sobre política de profesorado, así como o “I Plan de igualdade da Universidade de Vigo”. Todo isto debe acontecer no primeiro semestre de 2009.

Con estas iniciativas, cumpríranse os compromisos asumidos no Plan estratéxico e seremos capaces de manter o esixente ritmo previsto polas autoridades educativas para levar adiante a fonda transformación do sistema universitario que nos ten tocado vivir.

Remata o reitor a súa intervención dando grazas a todos pola atención prestada e queda a disposición de todos para os asuntos que teñan interese en comentar.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén o Prof. Legido para sinalar que estamos nun momento de gran cambio na Universidade pero a situación externa é complicada e isto non pode supoñer que todo o proceso de cambio teña que ser asumido integramente pola Universidade. Ante isto considera que debe presentarse un plan no que todo o persoal teña as cargas equiparadas. Entende que hai cousas que están coma fai tres anos en cambio outras están peor, así segue habendo problemas de espazos en centros concretos, a nivel docente hai centros onde cada vez hai máis docencia e ás veces a estrutura existente impide facer investigación.

No relativo ao Plan estratéxico expón que hai cousas que se fixeron e outras que non; así o Plan operativo de xestión que irá ao Consello de Goberno o día 18, e o Plan de política de profesorado que se traerá ao Claustro Universitario en febreiro, pero hai outros que aínda non están o que pon de manifesto o retraso existente.

No que respecta á docencia e á investigación considera o Prof. Legido que teñen que estar ligadas nos mestrados e sobre todo no doutoramento, o que afecta á xestión. Manifesta que o I+D+i mellorou algunhas cousas pero hai gran descontento noutras. Neste momento non hai vicerreitor de Investigación e os investigadores non saben cal vai ser a política de investigación.

Refírese seguidamente aos datos da matrícula que reflicten que se frea a caída de alumnos, aínda así entende que os números que presenta o reitor son preocupantes posto que baixa a primeira matrícula mentres que soben os números en mestrados e doutoramento porque hai mais títulos.

Entrando xa no tema dos mestrados, segue sen entender a diferenza entre mestrado profesionalizante, de carácter investigador e académico, en canto todos son títulos oficiais e deben

rexerse polas mesmas normas. Neste sentido, o profesorado debe ter un horario e toda a actividade recoñecida do mesmo xeito.

Parécelle acertado que o reitor expoña o orzamento pero considera que as liñas orzamentarias van polo mesmo camiño que os anos anteriores, sen investir en docencia e investigación.

No relativo ás infraestruturas, seguen existindo os mesmos problemas de aparcadoiros e desprazamentos nos campus, e entende que o primeiro problema podería arranxarse con aparcadoiros subterráneos.

Tamén se refire á cuestión dos cambios normativos, sinalando que as comisións non fixeron o seu traballo e que a maioría delas están paralizadas.

Remata a súa intervención indicando que o Claustro debería ser un órgano de debate e desexa que nos novos Estatutos así quede reflectido.

O Prof. Cabeza inicia a súa intervención sinalando que os anos 2007 e 2008 non foron anos positivos e entra en aspectos concretos, en primeiro lugar, refírese aos temas de profesorado, sinalando que, como o reitor ten anunciado que se aprobará o Plan de política de profesorado para febreiro do ano que ven, reserva os seus comentarios para ese momento. En segundo termo, no tema dos mestrados asume integramente o dito polo Prof. Legido e engade que quere un sistema público, fronte ao sistema existente que vai á privatización da ensinanza coa impartición de docencia por profesionais. En terceiro lugar, no asunto das cátedras I+D, aínda que recoñece que non é responsabilidade deste equipo de goberno, se solidariza cos afectados, dálle o seu apoio nas accións que poidan por en marcha e recorda o risco da Universidade de ser condenada por responsabilidade patrimonial. En cuarto lugar, refírese a dúas cuestións xerenciais: dun lado, ás bolsas que encobren contratos laborais; e doutro, á decepcionante actitude da xerencia na folga de limpeza pedindo á Xunta servizos mínimos o que prexudicou o acordo para os traballadores, cando o que tería que facerse era suspender a actividade na Universidade. En quinto e último lugar, alude o Prof. Cabeza ao Centro de Excelencia Jean Monet e a falta de apoio por parte da Universidade ao mesmo.

Intervén o Sr. Cebro quen se refire á falta de competencias que ten o Claustro pese a que algúns loitaron para que no mesmo se puideran escoitar todas as voces e sensibilidades. Seguidamente alude ao tema das comisións creadas no Claustro, en concreto, á Comisión para a adaptación dos estatutos a nova redacción da LOU que dende outubro de 2007 en que se presentaron alegacións non se tivo ningunha noticia ao respecto; ante esta situación solicita que se remitan a todos os membros da comisión as alegacións presentadas. A maiores alude a dous malentendidos: dun lado, sinala que o Plan de xestión non foi aprobado polos órganos de representación do PAS, senón que unicamente foron presentados pola xerente aos comités. Ante isto, pide negociación para aprobar o Plan de xestión.

Continúa o Sr. Cebro facendo referencia ao segundo malentendido relativo ao Plan de formación do PAS para o ano 2009, indicando que o mesmo contradí o Regulamento de formación aprobado polo Consello de Goberno. Manifesta o seu desacordo co Plan de formación presentado. Por último, refírese o Sr. Cebro ao tema das bolsas de traballo sinalando que hai moitas e non se está profesionalizando a xestión. Engade que se está contratando persoal para xestionar mestrados por riba da RPT, con bolsas.

Intervén o Sr. Fernández para reiterar o xa sinalado polo Sr. Cebro en relación á falta de aprobación polos órganos de representación do Plan de xestión e tamén ás obxeccións ao Plan de formación do PAS. Por último, no que respecta aos orzamentos, solicita que se respecten os compromisos do convenio colectivo.

Intervén o Sr. Rodríguez Sampayo para expoñer que no programa de mobilidade internacional non se falou do PAS e recorda ao reitor o que consta na acta do Claustro anterior sobre este tema e que, neste momento, as cousas seguen igual. Pregunta se hai convocatoria neste momento e se se fará algo.

A Prof<sup>a</sup>. Blanco felicita aos equipos reitoral e xerencial polo traballo feito e mais tendo en conta que é un momento difícil. Felicita aos vicerreitores de Investigación polo Plan de investigación, e de Titulacións e Convergencia Europea polo tránsito ao grao, mestrado e doutoramento. En relación ao mestrado, entende que é fácil diferenciar entre o de carácter investigador e o profesionalizante a nivel europeo. Tamén felicita á xerenta pola descentralización.

Inicia o reitor a súa contestación sinalando que se acaba de reunir a CRUE e alí se recordou ao Ministerio, aos partidos políticos e sindicatos que Bolonia é unha cousa de todos e que hai unha Lei orgánica aprobada polo Parlamento que non se pode esquecer. Por iso, todos os que teñen responsabilidade neste país deben dar un paso ao fronte e se non o fan, as universidades terán que facer para que se lles escoite. Sinala a maiores que o EEES non supón privatizar nada e fai un chamamento para que non se introduzan argumentos erróneos no debate. Privatizar supón converter en privado algo público e a esta Universidade iso non lle interesa senón que o que busca é a mellor formación para os alumnos para que despois poidan conseguir empregos.

No que respecta aos mestrados, recorda que o Consello de Goberno aprobou un programa de mestrados de carácter binario e que a Xunta tamén fala de mestrado de carácter profesionalizante, investigador e engade o mestrado de carácter académico. Reitera aquí o xa acordado polo Consello de Goberno: os mestrados de investigación están vinculados a un programa de doutoramento, con condicións de calidade e recoñecemento directo en POD; os mestrados profesionalizantes, con condicións de colaboración externa, sen recoñecemento en POD e con incentivos económicos. Ante o interrogante que se fai ao reitor de por que non se inclúen os mestrados de carácter profesionalizante en POD, a resposta é que os 30 mestrados actualmente existentes, darían lugar a 82 prazas de profesor con vinculación permanente á Universidade. Fronte a isto, nas outras Universidades do SUG o cómputo en POD é como segue: na Universidade da Coruña se recoñece en POD un 20% da docencia do mestrado e o resto é docencia voluntaria; na Universidade de Santiago se computa sempre que exista folgura de docencia na área. O que non pode haber son mesturas: ou está en POD ou hai incentivos económicos. En canto ao mestrado académico, haberá que pensar nel naqueles casos nos que algunha titulación non atope o seu lugar na oferta de mestrados de carácter investigador ou profesionalizante.

Finalmente, para pechar xa o tema dos mestrados, compara a situación actual coa existente anteriormente, onde non había oferta pública de mestrados o que impedía a moitas persoas estudar un posgrao.

Contesta o reitor en segundo lugar todas as cuestións relativas ao papel do Claustro, facendo referencia a que este ano se reuniu tres veces e se debateu o Plan de I+D, o Plan estratéxico da

Universidade e agora o informe anual. Os grandes debates deben presentarse no Claustro, pero no relativo ás competencias non se poden esquecer o que establece a lei.

Seguidamente se refire ao tema do vicerreitor de Investigación, sinalando que a política de I+D da universidade se expuxo hoxe por el mesmo con todo detalle e que as persoas son moi importantes porque todo isto non podería ter sido exposto hoxe sen o traballo anterior do Prof. Reigosa, pero o servizo está ben atendido. Anuncia tamén que confía ter novo vicerreitor de Investigación en xaneiro.

En canto ás cuestións presentadas polo Prof. Cabeza, indica que terá en conta o programa Jean Monet e, sobre as cátedras I+D entende que o sentimento posto de manifesto polo citado profesor é compartido por todos. Expón que cando tomou posesión como reitor se atopou coa notificación á universidade da inadmisión do recurso de amparo presentado fronte á sentenza que declaraba a nulidade da convocatoria das cátedras I+D, e que, unha vez estudado o tema, fará todo o que estea na súa man para que os afectados non sufran os prexuízos derivados da sentenza.

Sobre a petición do Sr. Cebro relativa á Comisión para a adaptación dos estatutos a nova redacción da LOU, resposta que os propios representantes de estudantes, que acaban de ter eleccións ao Claustro fai uns meses, pediron que se parase para estudar o tema.

En canto á petición do Sr. Fernández relativa ao cumprimento dos compromisos derivados do convenio colectivo, resposta o reitor que no orzamento do 2009 hai un incremento do 8,9%, para o cumprimento dos compromisos salariais.

Por último, en relación á observación do Sr. Rodríguez Sampayo, pide desculpas porque entendeu que a convocatoria xa estaba firmada, e se refire ao Convenio firmado coa Universidade Técnica de Lisboa de intercambio de persoal, que quere estender a outras universidades.

Ábrese unha quenda de réplica:

Intervén o Prof. Legido para sinalar que quere que queden as cousas claras porque existe unha gran confusión co tema do EEES, entende que non se trata dunha adaptación senón dunha reforma en profundidade coa desaparición das licenciaturas e diplomaturas e a implantación dos graos, que son titulacións distintas. Coincide co reitor en que é necesario premer para acadar apoios para afrontar este cambio na universidade.

Considera que toda a docencia debe figurar no seu conxunto no POD e se se pide unha folla de actividades por parte do profesor que na mesma estea incluída toda a actividade; cuestión diferente é a do cadro de persoal pois entende que economicamente no é posible ter todo o persoal que se queira.

Refírese tamén ás competencias do Claustro, que considera debería ter mais capacidade de decisión e permitir que se debatan no mesmo os asuntos que interesan aos membros da comunidade universitaria. Por último, en relación ao vicerreitor de Investigación, entende que o mais importante son as persoas e que o Prof. Reigosa tiña moi bo trato e resolvía os problemas.

O prof. Cabeza discrepa da configuración dos mestrados que se fai polo equipo de goberno. Considera que no número de 30 mestrados é excesivo para esta Universidade e entende que existe



outro modelo de mestrado que o seu grupo defende, pero que existen puntos nos que están de acordo, en canto o sistema actual ten algúns puntos positivos. Tamén teñen aspectos negativos, así, o sistema actual produce efectos privatizadores no control, posto que ao non estar a docencia dos mestrados no POD, desaparecen as garantías institucionais. Por último, entende que o modelo de mestrado debe estar vinculado á RPT.

Intervén o Sr. Cebro que, en relación á Comisión para a adaptación dos estatutos a nova redacción da LOU, solicita que as emendas presentadas se remitan aos membros da mesma. Reitera a súa idea sobre a necesidade de darlle mais competencias ao Claustro para que todos poidan opinar sobre os temas relevantes para a Universidade.

A xerente da Universidade intervén para responder sobre temas puntuais suscitados. Refírese en primeiro lugar ao Plan de formación, indicando que é a primeira vez que se presenta un Plan deste tipo. Estase facendo un borrador que se pasará á comisión de formación. Do que se trata é de conseguir a maior participación e colaboración de todos. Estase a traballar arreo e o Plan que se ten é ambicioso.

Refírese tamén ao tema da folga de limpeza, sinalando que este tipo de conflitos non pode afectar ao funcionamento da Universidade e que foi moi importante conseguir que se considerase á Universidade como unha entidade que necesita servizos mínimos.

Intervén o reitor para reiterar a súa preocupación polo tema da adaptación ao EEES e á necesidade de que toda a sociedade en xeral considere que este é un problema de todos. En canto ao tema dos mestrados, considera que o modelo binario existente é clarificador para os estudantes, ademais é unha oferta flexible, distintiva da Universidade de Vigo e exitosa no SUGA. Engade tamén que é favorable para os grupos de investigación e os estudantes. Pide a todos, con todas as cautelas que sexan necesarias, que se acepte o sistema en canto trae consigo importantes beneficios. Por último, en relación a este tema, e como proposta improvisada, fai referencia á posibilidade de adiantar a proposta de mestrado académico.

En canto ao tema do Claustro, o reitor se refire ao Consello Social que ten competencias asignadas por unha Lei do Parlamento de Galicia e cada vez asume máis debido a que a sociedade quere participar na Universidade. Por outra banda, o Consello de Goberno é o órgano que ten que aprobar as decisións de goberno na Universidade e o equipo de goberno fai un gran esforzo para que todo se aprobe cun gran consenso. Ante todo isto o reitor se pregunta se o Consello de Goberno non é representativo da Universidade. Os representantes no Consello de Goberno teñen que facer un gran esforzo para que todos se sintan partícipes das decisións.

Por último, no que respecta á organización e ás persoas, non son cuestións incompatibles. A organización é fundamental para que todo funcione e non basta con voluntarismos de ninguén. A estrutura organizativa non pode ser óbice para que o trato sexa axeitado. En concreto, a vicerreitoría de Investigación está ben servida polas persoas do equipo de investigación que estaban co Prof. Reigosa.

**Punto 3.** Elección do seguinte posto vacante na Mesa do Claustro: Sector outro persoal docente e investigador: 1

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que non é necesario facer votación posto que hai un só candidato presentado para o posto vacante.

O novo membro da mesa de Claustro polo sector outro persoal docente e investigador é:

- D. Daniel de la Torre Fraga e o seu suplente é D. Carlos Vivas Martínez.

**Punto 4.** Elección dos seguintes postos vacantes no Consello de Goberno: Sector decanos/directores: 1. Sector PAS: 1

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que non é necesario facer votación posto que hai un só candidato presentado para cada uno dos postos vacantes.

Os novos membros do Consello de Goberno son:

Polo sector decanos-directores: D. Anxo Lorenzo Suárez

Polo sector Pas: D. Xoán Manuel Cebro Rodríguez

**Punto 5.** Elección do seguinte posto vacante na Comisión electoral: Sector estudantes: 1.

Sinala a secretaria xeral que non hai candidatos presentados.

**Punto 6.** Elección dos seguintes postos vacantes na Comisión para a adaptación dos estatutos da Universidade de Vigo á nova redacción da LOU: Sector outro persoal docente e investigador: 1. Sector estudantes: 1.

A secretaria xeral sinala que hai un candidato presentado para o sector outro persoal docente e investigador e non hai candidatos presentados para o sector estudantes.

O novo membro desta comisión polo sector outro persoal docente e investigador é: D. Celso Cancela Outeda.

**Punto 7.** Elección dos seguintes postos vacantes nas Comisións para a elaboración de regulamentos:

Comisión nº. 1: Regulamento de réxime económico e contratación. Regulamento de PAS.

Sector estudantes: 3

Comisión nº. 2: Regulamento de estudantes. Regulamento de exames.

Sector outro persoal docente e investigador: 1

Sector estudantes: 1

Comisión nº. 3: Regulamento de profesorado.

Sector estudantes: 2

Comisión nº. 4: Regulamento de investigación, desenvolvemento e transferencia.  
Regulamento de institutos universitarios.

Sector estudantes: 2

Comisión nº. 5: Regulamento de centros. Regulamento de departamentos.

Sector estudantes: 2

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que, de todas as eleccións relacionadas neste punto da orden do día, só é necesario facer votación por haber máis candidatos que postos a cubrir, na Comisión nº 2: (para elaboración de regulamentos de estudantes e exames). Trátase de cubrir unha vacante e hai dous candidatos.

O candidatos son:

- D. José Ángel Álvarez Moreira.
- D. Xulio Alberte Cid Rodríguez.

Feito o reconto o resultado é o seguinte:

Votos emitidos: 7

Votos en branco: 0

Votos nulos: 0

O reparto de votos é o seguinte:

- D. José Ángel Álvarez Moreira: 2
- D. Xulio Alberte Cid Rodríguez: 5

A composición das comisións é a seguinte:

Comisión nº. 1: Regulamento de réxime económico e contratación. Regulamento de PAS.

Quedan 3 postos vacantes polo sector estudantes.

Comisión nº. 2: Regulamento de estudantes. Regulamento de exames.

Polo sector outro persoal docente e investigador:

- D. Ángel Barajas Alonso

Polo sector estudantes:

- D. Xulio Alberte Cid Rodríguez

Comisión nº. 3: Regulamento de profesorado.

Quedan dous postos vacantes polo Sector estudantes.

Comisión nº. 4: Regulamento de investigación, desenvolvemento e transferencia. Regulamento de institutos universitarios.

Polo sector estudantes:

- Dna. Lara Álvarez González
- D. Xúlio Alberte Cid Rodríguez

Comisión nº. 5: Regulamento de centros. Regulamento de departamentos.

Polo sector estudantes:

- Dna. Lara Álvarez González
- D. Xúlio Alberte Cid Rodríguez

Comisión nº. 6: Regulamento de tribunal de garantías. Regulamento de réxime disciplinario.

Queda un posto vacante polo sector outro persoal docente e investigador.

Polo sector estudantes:

- Dna. Lara Álvarez González
- D. Xúlio Alberte Cid Rodríguez

### **Punto 8.** Rogos e preguntas.

Intervén o Sr. Peña quen procede á lectura dun texto que consta como **anexo I**.

O Sr. Fernández sinala que están a saír convocatorias fora da RPT e se están incumprindo as normas vixentes e os camiños establecidos o que obriga a recorrer. Pide que se teñan en conta aos órganos de representación.

O Sr. Álvarez Moreira lee un escrito que consta como **anexo II**.

O Sr. Pinés pregunta sobre as fichas de enxeñaría informática.

O Sr. Zapirain presenta dúas cuestións que se recollen no **anexo III**.

A xerente da Universidade agradece ao Sr. Zapirain a súa intervención porque lle permite informar das actuacións feitas pola xerencia en materia de formación e acción social e gasto social. A xerente considera básico ser capaz de executar programas de formación específica para o PAS. Neste senso, a partida de formación víñase a executar nunha porcentaxe mínima e este ano estase a executar cerca do 94% o que supón 18 programas con mais de 800 asistentes.

En canto á acción social, aprobouse unha modificación para ampliar a dotación en acción social e se están cumprindo os compromisos do convenio colectivo.

Por último, en relación ás prazas por enriba da RPT, a xerente indica que convocou a Comisión de política de emprego, que levaba anos sen reunirse e alí propuxo as prazas necesarias por motivos puntuais e urxentes. Presentou tamén a proposta para harmonizar as convocatorias cunhas bases e así evitar disfuncións, chegándose a un acordo sobre as mesmas.

O Sr. Zaipiraín agradece á xerente que queira executar as partidas de formación pero o correcto é que o faga para o que estaba orzamentado. Sinala que o fondo de formación forma parte da masa salarial do PAS e teñen dereito a decidir ao respecto, por iso teñen solicitado que se reúna a comisión de Acción social e formación para decidir ao respecto.

Intervén o reitor para contestar sobre o tema da campaña do servizo de normalización lingüística sinalando que, unha universidade pública non deba renunciar ao seu papel de defensa da cultura e da lingua do seu país.

E desde logo se unha universidade pública, a de Vigo en primeiro termo, renuncia á defensa do seu patrimonio cultural creo que nos sentiríamos decepcionados a maioría de todos nós.

Por iso se puxeron en marcha dúas campañas. Unha titúlase "Europa é plurilingüe" que leva como subtítulo "Quen sabe galego sabe máis" sobre o uso das linguas no ensino universitario; e outra chámase "Chámate con xeito". Dúas campañas que teñen un fondo carácter divulgativo e que buscan sensibilizar fundamentalmente á cidadanía sobre a riqueza que supón ter unha lingua propia.

A campaña que se chama "Chámate con xeito" tivo un impacto social considerable porque lles informo en menos de mes e medio houbo máis de 80.000 consultas sobre nomes e apelidos na páxina web desta campaña. O que resulta sorprendente e quizás un pouco decepcionante é que haxa persoas ou axentes sociais que non valoren ou non vexan ou non sintan a intencionalidade divulgativa e non coercitiva destas campañas, desta campaña en concreto.

Desde logo, nesta política non hai ningún elemento coercitivo, sinala que se preocupa bastante disto; non quere que haxa ningún tipo de presión; quere que haxa campañas informativas e divulgativas e de ánimo tratando de animar aos estudantes a asumir competencias lingüísticas diversas. Sinala que o principal programa que está en vigor, é un programa de plurilingüismo.

Indica que sinte moito que dalgún xeito esta campaña non teña conseguido convencer nin totalmente nin en parte, digamos, sobre todo nos seus usos gráficos; vaise tratar de conseguir que unha boa campaña na súa intención non resulte minusvalorada por un erro, quizás, ou por unha falta de sensibilidade na súa expresión gráfica.

O que ocorre é que tamén vaise pedir que os receptores sexan sensibles; sexan animosos a este tipo de mensaxes, non sexan refractarios.

En todo caso, como sexa, é obrigado chegar a todo o mundo, chegar nas maiores condicións de ánimo, de respecto etc. e iso é o que se vai a tentar por riba de todo.

No relativo ás fichas de enxeñaría, reitera o dito polo Director Xeneral de Universidades que comentou que non se poden presentar fichas de competencias regladas en canto non se trate dunha profesión regulada, pero presentarse algo asimilable (aínda que non se aprobará polo Consello de Ministros) que poida ser utilizado como referente no Consejo de Universidades.